



PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL



MEMORIA 2016

COMARCA DO SAR

ÍNDICE

- DATOS IDENTIFICATIVOSpáx. 3
- INTRODUCCIÓNpáx. 4
- CONTEXTUALIZACIÓN.....páx. 4
- OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN.....páx. 5
- RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN.....páx. 13
- PROGRAMAS E SERVICIOS 2016.....páx. 15
- HORARIOS.....páx. 17
- PROPOSTAS DE ACTUACIÓN PARA O ANO 2017.....páx. 18
- SUBVENCIONS E AXUDAS..... páx. 20
- AMIPA EN IMAXES.....páx. 22

DATOS IDENTIFICATIVOS

- Denominación: **AMIPA. ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA COMARCA DO SAR**
- Identificación fiscal: G-15611536
- Sede social: CENTRO SOCIAL – CAMPO DO SOUTO, s/n. 15900 – PADRÓN (A CORUÑA)
- Enderezo: SAN TOMÉ DE SORRIBAS, nº2. 15980 ROIS (A CORUÑA)
- Teléfonos: 981.817.202 – 669.051.747
- Inscrita co Nº E-1031 no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Benestar da Xunta de Galicia desde o día 28 de novembro de 1997.
- AMIPA foi Declarada Entidade de Utilidade Pública (Orde do 30 de Setembro de 2009. DOG nº 203).
- Enderezo electrónico: asociacionamipa@gmail.com
- Páxina web: www.asociacionamipa.es

INTRODUCCIÓN

No presente documento recolle unha análise descritiva do percorrido realizado pola Asociación AMIPA ao longo do ano 2016. A memoria é un instrumento de avaliación, e ten por finalidade recoller os procesos desenvolvidos que afectan ás persoas con discapacidade intelectual e ás familias ás que se prestan diferentes apoios e servizos, á organización e ao funcionamento xeral do Centro Ocupacional de Sorribas. Nesta memoria recóllense os logros e as limitacións xurdidas no desenvolvemento do Plan Anual e os retos para o ano 2017, co fin de seguir artellando estratexias, medios e recursos para a promoción integral das persoas con discapacidade intelectual e as súas familias.

Na elaboración deste documento participaron directa e indirectamente as persoas con discapacidade intelectual (PcDI), as familias, as persoas voluntarias, o equipo de profesionais e os membros da nosa comunidade de referencia.

CONTEXTUALIZACIÓN

O ámbito territorial de actuación da Asociación AMIPA é a Comarca do Sar, formada polos municipios de Dodro, Padrón e Rois. AMIPA xestiona o Centro Ocupacional de Sorribas que é o único recurso de referencia especializado na atención a persoas con discapacidade intelectual na devandita Comarca. A Comarca ten un censo de 16.091 habitantes, 8.361 mulleres e 7.730 homes (Instituto Galego de Estatística, datos 2016)

O Centro Ocupacional conta con 24 prazas autorizadas, 20 delas públicas, para PcDI con necesidades de apoio límite e intermitente, con idades de ingreso comprendidas entre os 18 e 59 anos.

Ao longo do ano 2016 foron 21 as prazas ocupadas en Sorribas, por 10 mulleres e 11 homes. Cómpre sinalar que este ano resultou moi significativo o número de familias e persoas con discapacidade intelectual de municipios limítrofes á Comarca do Sar que se achegaron a AMIPA na procura de orientación ou para solicitar unha praza no Centro Ocupacional de Sorribas.

O Centro Ocupacional é un recurso para a atención ás PcDI e a promoción do seu desenvolvemento persoal e autonomía funcional, a través de procesos de formación individualizados, da práctica ocupacional, da participación na vida da comunidade e da creación de redes naturais de apoio para a súa inclusión social e laboral.

AMIPA continúa optando pola individualización dos apoios ás persoas con discapacidade intelectual, na procura da súa máxima autonomía e benestar.

Todas as persoas con discapacidade contan co seu Plan Individual de Atención (PIA) que se revisa anualmente, mantendo cada persoa un mínimo dunha reunión trimestral.

No desenvolvemento dos programas e servizos do Centro Ocupacional, así como no PIA de cada persoa con discapacidade, percíbese que a idade das PcDI agrava as situacións de dependencia, o que vén determinando maiores necesidades de atención e apoio, ademais da necesidade de recursos diferentes.

Un ano máis, por mor da realidade socioeconómica, vivíronse importante incertezas na estabilidade das fontes de financiamento. En relación ao financiamento privado, son cada vez menos as axudas ás que AMIPA pode optar, debido a que se priorizan proxectos con un grande número de persoas beneficiarias, tanto directas como indirectas. Por outro lado, o ano 2016 tamén estivo caracterizado polos axustes económicos. A este respecto é importante matizar que, en todos e cada un dos procesos de toma de decisións, AMIPA situou, por riba de todo, a atención de máxima calidade para as persoas con discapacidade intelectual.

OBXECTIVOS e LIÑAS DE ACTUACIÓN

O Plan Anual é un instrumento de planificación útil e significativo. Na reunión de avaliación do ano 2015 realizouse unha análise DAFO e a partir dos datos obtidos, consensuáronse liñas prioritarias de actuación para todo o ano. As liñas de actuación do ano 2016 estiveron especialmente dirixidas a favorecer a presenza e participación das persoas con discapacidade intelectual na comunidade.

Ao longo deste ano continuouse cun intenso proceso de profesionalización, a través de participación en accións formativas das persoas do equipo de traballo e do desenvolvemento de sesións de coaching de equipos.

Foi tamén importante o esforzo por personalizar o Centro Ocupacional, á vez que se continuou coas adaptacións e o desenvolvemento de apoios visuais como estratexia metodolóxica nas actividades e na accesibilidade cognitiva dos diferentes espazos.

Todas as actividades e propostas de AMIPA estiveron encamiñadas a favorecer o protagonismo das persoas con discapacidade intelectual. Este ano todas as persoas participaron nunha liña de actuación na comunidade, dinamizando a mesma a través

de pequenos grupos de dúas ou tres PcDI, cunha profesional de apoio. Temos evidencias de que, cos apoios necesarios, as persoas con discapacidade gañan en autonomía persoal e social, así como no seu benestar integral, e de que unha sociedade inclusiva precisa da participación real de todas as persoas.

Ao longo do ano continuáronse artellando os requisitos administrativos esixidos para o funcionamento do Centro Ocupacional de Sorribas, e en especial, co proceso de implantación dun sistema de calidade Plena Inclusión no propio Centro Ocupacional.

Tal e como queda reflectido nas actuacións desenvolvidas, unha liña importante de intervención é a apertura de AMIPA á comunidade, favorecendo as relacións con outras persoas, creando espazos accesibles cognitivamente, buscando novas persoas socias colaboradoras, dando a coñecer o Centro ocupacional como un recurso especializado e a comercializando dos produtos artesanais e ecolóxicos. Son moitas e interesantes as oportunidades que seguen xurdindo neste eido, unhas relacionadas con actividades sociais, culturais e deportivas compartidas coas persoas do noso contorno, outras relacionadas coa creación de redes de colaboración con distintas entidades e organizacións.

En definitiva, cumpríronse na súa totalidade as liñas de actuación definidas para o ano 2016.

Ademais foi prioritario o desenvolvemento do Plan Individual de Atención (PIA) de cada persoa con discapacidade, para o cal se celebraron semanalmente reunións do equipo de profesionais co fin de establecer, en función das demandas e necesidades de cada persoa con discapacidade, o tipo e intensidade de apoios individualizados e o seguimento dos mesmos.

Parte importante das actividades e programas que AMIPA desenvolve para dinamizar os procesos de promoción integral das persoas con discapacidade dependen do financiamento público (Xunta de Galicia, Deputación da Coruña e Concellos da Comarca: Dodro, Padrón e Rois). Mais dende a nosa entidade tense asumido a necesidade de procurar novas fontes de financiamento, de explorar novos recursos e de iniciar vieiros de autoxestión para crear alternativas aos modelos económicos, como son por exemplo a venda de produtos ecolóxicos e artesanais, a prestación de servizos a empresas da comarca e a busca de novos/as socios/as colaboradores/as (aínda tratándose de modelos de financiamento moito menos estables, e contía inferior aos públicos que dotan de maior estabilidade, mais posibles e que cómpre desenvolver). Con este obxectivo deseñamos un Plan de Márketing da entidade.

Con referencia ás PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL

- Amipa continúa a artellar xeitos de recoller as demandas e propostas de cada persoa con discapacidade intelectual e da súa familia co obxectivo de acompañala no seu proceso de desenvolvemento persoal, familiar e social. As demandas recóllense por medio de diferentes canles: caixa de suxestións, achegas da familia, observación e rexistro de verbalizacións e comportamentos, rexistro das reunións de PIA, rexistros de chamadas telefónicas, entrevistas e conversas informais, revisión diaria dos programas e actividades desenvolvidas.
- Diariamente se celebran pequenas reunións matutinas, adaptadas cognitivamente para todas as persoas, para orientar e informar sobre as peculiaridades do día que comeza, deste xeito establécense rutinas e tamén vías de participación para as persoas con discapacidade.
- Establécese como prioridade dar continuidade aos PIA de cada persoa con discapacidade intelectual establecendo obxectivos anuais en relación cos programas e actividades a desenvolver.
- As persoas precisan de acompañamento continuo no seu Plan Individual de Atención (PIA). As persoas con discapacidade son as que van marcando o ritmo dos mesmos. Os logros e o nivel de satisfacción das persoas protagonistas son altísimos, mais, todos son procesos inacabados, como a vida mesma, en constante evolución e cambio. Cada PIA, se avalía anualmente, tentando manter, polo menos, unha reunión anual con cada PcDI e os seus familiares e/ou representantes legais.
- Semanalmente o equipo multidisciplinar réunese para compartir información, planificar actividades e tomar decisión arredor dos PIAs a desenvolver ao longo da semana.
- A nivel grupal funcionaron o grupo de autoxestores/as e de peludos/as. Ambos grupos elixen e planifican os temas a tratar e as actividades a realizar nas reunións de cada trimestre. As persoas con discapacidade expresan as súas necesidades de cambio na prestación dos apoios profesionais e familiares que reciben, formulando novas necesidades, o que facilita os procesos de planificación centrados en cada persoa.

- Célebranse asembleas trimestrais para favorecer a participación de todas as persoas con discapacidade intelectual.
- Mantense a oferta de Programas Individualizados (cociña, móbil, actualízate, compra semanal...) adaptados ás necesidades e intereses de cada persoa con discapacidade intelectual.
- Os programas e actividades adáptanse ás necesidades e preferencias de cada persoa con discapacidade intelectual.
- As persoas asumen e comparten, con apoio, moitas responsabilidades dentro do Centro Ocupacional: compra de produtos para a hora do café para os descansos da mañá, reposición de papel hixiénico e xabón no baño, traslado do material deportivo para os adestramentos e chaves das instalacións, separación para a reciclaxe, etc. Para algunhas tarefas establecéronse grupos estables, para outras distribúense por quendas (posta e recollida do café, da mesa,...).
- Continuamos desenvolvemento as adaptacións precisas para aumentar a autonomía e a participación diaria das PcDI no centro, mellorando a accesibilidade cognitiva para todas as persoas.
- nivel de participación e implicación das persoas con discapacidade en todas as actividades e programas propostos desde AMIPA foi moi alta ao longo de todo o ano.
- Desenvolvemos un proceso de acompañamento ás persoas con discapacidade intelectual para recoñecer e xestionar as súas emocións, tentando crear espazos positivos.
- Prestamos apoios ás persoas con discapacidade intelectual para que sexan as verdadeiras protagonistas e dinamizadoras das actividades vinculadas ás liñas de actuación 2016.
- Realizamos actividades específicas para a mellora da saúde e do benestar integral de cada persoa con discapacidade a partires de diferentes contidos: relaxación, emocións, autocoidado e coñecemento do propio corpo.
- As persoas con discapacidade participaron nas xornadas formativas de saúde "Cóidate - Cóiða@" e na xornada "A lectura fácil, unha semente para a Plena Inclusión", organizadas ambas por Fademga Plena Inclusión Galicia.

- Favorecemos o contacto con persoas con discapacidade intelectual doutras entidades, formulando diferentes actividades conxuntas ao longo do ano.

En canto á COORDINACIÓN INTERNA

- Mantemos actualizada a documentación técnica do Centro Ocupacional na totalidade dos servizos da entidade.
- Realizamos unha proposta de calendario anual de actividades de cada programa ou servizo a desenvolver pola AMIPA.
- Mantivemos reunións diarias de coordinación do equipo de profesionais ao comezo da mañá e un tempo de traballo semanal, de cada profesional de apoio, dedicado a desenvolver as liñas de actuación anuais.
- Cada cuatrimestre unha voceira, unha profesional de atención directa desenvolve as funcións de coordinación entre as familias, a xerencia e as/os profesionais de atención directa.
- Celebramos reunións semanais do equipo de profesionais co fin de establecer e facer seguimento do tipo e intensidade dos apoios de cada persoa con discapacidade a través do seu PIA.
- Mantemos reunións de seguimento con cada persoa con discapacidade no seu PIA.
- Celebramos unha reunión semanal do equipo de profesionais para abordar as cuestións referidas á organización do centro.
- Celebramos reunións de avaliación cuatrimestrais e xuntanzas do equipo multidisciplinar en espazos diferentes nos que conversamos sobre como nos vemos e sentimos como equipo, co obxectivo de mellora continua na prestación do servizo ás persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias.
- Favorecemos o desenvolvemento de procesos de formación continua das e dos profesionais de AMIPA. Todos/as as/os profesionais de AMIPA participaron en accións formativas organizadas dende o Centro Ocupacional e por institucións especializadas.

- Continuamos co proceso de implantación en AMIPA dun Sistema de Calidade Plena Inclusión, no nivel de Compromiso, coa participación dun representante da Xunta Directiva de Amipa, das familias, a xerente, a responsable de Calidade, unha persoa con discapacidade cunha profesional de apoio, unha profesional de atención directa e unha profesional de servizos xerais.
- Desenvolvemos as diferentes liñas de actuación do 2016, centrada na participación das persoas con discapacidade na comunidade de referencia, a través de diferentes proxectos. Foi necesaria e imprescindible a coordinación, a flexibilidade diaria e a implicación das e dos profesionais para poder atender as necesidades específicas das persoas con discapacidade e as súas demandas no Centro Ocupacional e para poder acometer o reto de desenvolver todas as liñas de actuación na comunidade

En relación ao APOIO AOS MEMBROS DAS UNIDADES DE CONVIVENCIA E PROMOCIÓN DA SÚA PARTICIPACIÓN:

- O equipo de profesionais mantivo comunicación fluída co 100% das familias, a través de comunicacións telefónica e escrita .
- O 90% dos familiares acoden ao Centro cando se lles convoca a unha reunión para tratar temas que afecten á persoa con discapacidade coa que conviven
- O 70% das familias participaron na Asemblea Xeral Ordinaria celebrada no mes de maio de 2016.
- Realizamos o acompañamento de todas as persoas con discapacidade intelectual, coa/s persoa/s de apoio e co/s membro/s de referencia da súa unidade de convivencia, co fin de favorecer a colaboración e a mellora da prestación de apoios e servizos para a promoción integral da persoa e o desenvolvemento dos seus proxectos persoais.
- Seis familiares de Amipa participaron no proxecto de investigación, liderado pola Fundación María José Recio, destinado a reducir a sobrecarga derivada do coidado do seu familiar con discapacidade, a través de sesións de formación grupal e entrevistas individuais: Proxecto Educa IV.
- Organizamos xornadas de convivencia con membros das unidades de convivencia: “Amipeira/o de Honra”, actividade lúdica de convivencia coa veciñanza e Festa de Nadal.

- Ofrecemos alternativas de ocio para as persoas con discapacidade de Amipa, desenvolvendo unha actividade informativa para familias e persoas con discapacidade sobre os recursos existentes destinados ás persoas con discapacidade, en colaboración coa Asociación Tempus.

En canto á APERTURA AO CONTORNO:

- En 2016 Amipa conta con 2 novas/os socias/os colaboradoras/es
- Mantemos boa comunicación e nos coordinamos coas e cos profesionais dos Concellos de Dodro, Padrón e Rois, cos que se desenvolvemos distintos programas e actividades.
- Colaboramos con outras organizacións que traballan con persoas con discapacidade intelectual dende diferentes estruturas: a Liga Provincial (Liga Norte) e a Rede de Ocio Inclusivo de Galicia (ROIG).
- Os produtos da horta do Centro Ocupacional son comercializados a través da venda directa e dunha empresaria individual da contorna que tamén produce en ecolóxico e ten postos de venda en dúas prazas de abastos.
- Comercializamos da produción de artesanía realizada no Centro Ocupacional, no propio centro e en establecementos da Comarca do Sar e de Santiago de Compostela.
- Continuamos dando a coñecer a accesibilidade cognitiva como vía de inclusión social para as persoas con discapacidade intelectual no seu contorno, nos centros de saúde da Comarca, realizando as adaptacións cognitiva con pictogramas nos centros de saúde de Dodro, Padrón e Rois.
- Mantivemos xuntanzas cos Servizos Sociais de Dodro, Padrón e Rois co fin de favorecer a colaboración na atención ás persoas con discapacidade intelectual de cara a traballar conxuntamente o empoderamento das mesmas, a través dunha dinámica vivencial na que as persoas con discapacidade reivindicaron os dereitos da Convención Internacional dos Dereitos das Persoas con Discapacidade do ano 2006.
- Levamos a cabo actividades de lectura compartida co Centro de Día de Dodro e coa Biblioteca e Oficina Municipal de Voluntariado do Concello de Padrón.

- Desenvolvemos unha campaña de captación de novas persoas socias colaboradoras, en establecementos da comarca.
- Co obxectivo de seguir creando vínculos coas persoas da parroquia de Sorribas, as persoas con discapacidade e as súas familias, organizaron unha actividade lúdica de convivencia coa veciñanza, arredor da festa de San Xoán.
- Acollemos a unha voluntaria europea en colaboración coa Fundación Paideia Galiza.
- Organizamos a entrega do II Amipeiro/a de Honra, recoñecendo a vinculación dunha persoa especial elixida entre as persoas con discapacidade, as familias e as profesionais de AMIPA, a axente da Aula Cemit do Concello de Padrón
- Organizamos unha xornada formativa conxunta de Primeiros Auxilios, impartida polo GES de Padrón, na que participou unha profesional de Andaina Pro Saúde Mental de Dodro.
- No mes de xullo, acollemos a alumnado de La Salle de Santiago de Compostela que participaron nun campo de traballo no Centro Ocupacional de Sorribas.
- AMIPA participou na liga de baloncesto organizada a nivel autonómico por Special Olympics Galicia.
- No mes de xuño celebrouse A GOLPE DE PEDAL!, cunha contrarreloxo individual para persoas con discapacidade individual e cunha ruta cicloturística aberta a toda a comunidade.
- Organizamos a actividade “Noite Efervescente”, participando nunha fin de semana de convivencia con persoas doutras entidades e astrónomos/as que guiaron a observación do ceo no Planetario de Cotobade.
- Dende o ano 2013, un grupo de persoas con discapacidade intelectual, acompañados por unha educadora de apoio, acode semanalmente, xunto con outras persoas do municipio, á actividade de Ximnasia de Mantemento en Urdilde, organizada polo Concello de Rois.
- Participamos no XVI Encontro Autonómico de Autoxestores/as celebrado en Santiago no mes de novembro, no que tivemos ocasión de compartir a ponencia sobre a humanización dos centros de saúde da Comarca do Sar.

- Dinamizamos a exposición fotográfica "Miradas que falan" na Semana da Educación da Universidade de Santiago.
- Creamos a Área de Comunicación de Amipa
- As novas na páxina web e nas redes sociais estiveron sempre actualizadas, ampliando notablemente o número de persoas seguidoras nas redes sociais.
- Estivemos presentes nos medios de comunicación, na Voz de Galicia, no Correo Gallego e na TVG.
- Coidamos a comunicación coas empresas ás que prestamos servizos desde o Centro Ocupacional e das que se reciben servizos.
- Persoas voluntarias colaboran en diferentes actividades e proxectos da nosa entidade.

RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN

As e os profesionais que teñen participado no desenvolvemento dos servizos, proxectos e actividades da AMIPA ao longo do ano 2016, son os seguintes:

- Directora-xerente (35 horas semanais).
- Psicopedagoga e Educadora Social (10 horas semanais)
- Psicopedagoga (10 horas semanais).
- 3 Educadoras-monitoras (unha, 38,5 horas semanais, unha 28,5 horas semanais e unha 32,5 horas semanais).
- 1 Terapeuta Ocupacional (38,5 horas semanais)
- 1 Educadora Social (5 horas semanais)
- 1 Cociñeira, con funcións de limpeza (32,5 horas semanais).

As **accións de formación** realizadas polas/os profesionais de Amipa, organizadas polo propio centro e por entidades públicas e privadas especializadas, foron as seguintes:

- Acompañamento ao equipo de profesionais de Amipa. Formación e sesións de coaching de equipos, desenvoltas entre os meses de xullo e novembro. Amipa.
- Curso de primeiros auxilios no que participou unha profesional de "Andaina Pro Saúde Mental", no mes de setembro. Amipa.
- Formación en Comunicación e Márketing, nos meses de xullo a decembro. Amipa.
- Simposio de atención sanitaria integral para persoas con trastornos del espectro del autismo. Xaneiro.
- Xornada sobre violencia contra as mulleres con discapacidade. Febreiro, Consellería de Benestar.
- Xornada de Ética e Discapacidade organizada. Abril, FEAFES Galicia.
- Obradoiros de Scrapbooking e de creatividade. Abril, Concello de Padrón.
- VI Xornadas Técnicas: "Intervenciones basadas en la evidencia. También para personas con discapacidad intelectual". Maio, Irmáns Hospitalarias. Centro Pai Menni.
- Programa Más Social. Xestión do talento e cambio: casos prácticos para a aprendizaxe e Medición de resultados e cadros de mando en organizacións non lucrativas. Abril e maio. Fundación Barrié.
- Curso: Márketing e Servizos Sociais: como vender servizos en empresas e/ou entidades de iniciativa social. Xuño, Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.
- Financiamento público: contratos, convenios, concertos e subvencións. Xuño, Algalia Soc Coop.
- Curso de educación emocional. Outubro, Concello de Padrón.
- Formación en sistemas de comunicación alternativos e aumentativos: Arasaac. Outubro de 2016, Capaces Lugo.

Outras persoas que participan no desenvolvemento do Proxecto da AMIPA na Comarca do Sar, son:

- 2 días á semana, Educadora Familiar (Técnica do Concello de Rois).
- 2 Monitores Deportivos de Padrón e Rois (2 días á semana), nos adestramentos deportivos da semana e en acompañamento nas actividades deportivas da fin de semana).
- 1 profesional da Aula Cemit de Padrón.
- Grupo de voluntarios e voluntarias.
- Unha persoas en prácticas.
- Xunta Directiva da Asociación AMIPA, formada por 6 persoas.
- 23 socios/as de número.
- 41 socios/as colaboradores/as.
- 21 persoas con discapacidade intelectual, participantes diarios no Programa desenvolvido pola AMIPA.

PROGRAMAS E SERVIZOS DESENVOLVIDOS AO LONGO DO ANO 2016

Ao longo do ano 2016 AMIPA desenvolveu unha rede de servizos, programas e actividades que tiveron ás persoas con discapacidade intelectual como protagonistas. Nas distintas áreas formuláronse diferentes accións a desenvolver coas propias persoas con discapacidade intelectual, a nivel interno dentro da organización, cos membros das súas familias ou en relación coa contorna.

E así, o Centro Ocupacional organizouse arredor de distintas áreas:

- **Formación ocupacional das persoas con discapacidade intelectual.** Fai referencia a:
 1. Xestión administrativa e coordinación técnica
 2. Montaxe de accesorios e complementos do aluminio coa empresa STAC S.L.

3. Confección dos patróns para unha das máquinas da cadea de produción, coa empresa Nestlé SA de Pontecesures
4. Agricultura ecolóxica (na horta da Reitoral de Sorribas)
5. Obradoiro de artesanía

- **Formación para a vida das persoas con discapacidade intelectual da Comarca do Sar.** Nesta área inclúese:

- ✓ Autoxestores/as, peludos/as e asembleas
- ✓ Actividades físicas e deportivas específicas e na comunidade
- ✓ Tardes de lecer
- ✓ Noite Efervescente en en Cotobade
- ✓ Participación na comunidade: saídas na época estival (praia, Galipark...)
- ✓ Compra semanal
- ✓ Cociña
- ✓ Actualízate
- ✓ Psicomotricidade
- ✓ Ximnasia de mantemento en Urdilde (actividade organizada polo Concello de Rois).
- ✓ Horto ecolóxico
- ✓ Aula Cemit
- ✓ Obradoiros sobre a saúde en pequenos grupos coas PcDI.
- ✓ Obradoiro de benestar: “Un tempo para min”

Grupos de traballo formados polas persoas con discapacidade e os profesionais de Amipa:

Foron as persoas con discapacidade intelectual, por parellas, co apoio dunha profesional, as que dinamizan as **accións na comunidade**.

Os ámbitos elixidos e as accións desenvolvidas foron os seguintes:

1. Sanitario:

- Accesibilidade cognitiva nos centros de saúde

2. Económico-laboral:

- Comercialización de produtos artesanais e de pemento ecolóxico de produción propia.

3. Social e cultural:

- Inclusión lectora cun grupo de persoas do Club de Lectura da Biblioteca Municipal de Padrón e coas persoas maiores do Cento de Día de Dodro.
- Sensibilización sobre os dereitos das persoas con discapacidade nos Servizos Sociais da Comarca do Sar.
- Campaña de captación de persoas socias colaboradoras
- Entrega da II Amipeiro/a de Honra
- Realización dunha festa de San Xoán cos veciños e veciñas de Sorribas.

AMIPA tamén presta os seguintes servizos.

- Servizo de comedor
- Servizo de transporte
- Orientación e apoio ás familias.
- Deportes e actividade física: Con adestramento de 2 horas semanais e a participación en 2 sábados deportivos ao mes.
- Lecer e tempo libre: No mes de setembro as persoas con discapacidade gozaron duns días de convivencia e lecer nas Rías Baixas e, no mes de xuño, da "Noite efervescente", en Forcarei (Pontevedra)
- Actuacións na comunidade: Derivadas da creación de lazos con entidades próximas, tanto públicas como privadas:
 - ✓ A golpe de pedal!: Ruta cicloturística aberta a todas as persoas da Comarca do Sar.
 - ✓ Campo de Traballo con alumnado de "La Salle" de Santiago.

HORARIOS

HORARIO XERAL: O horario de atención as PCDI en Sorribas Centro Ocupacional foi de máis de 1540 horas anuais, adaptando este horario á disposición do servizo. O horario habitual de permanencia no Centro Ocupacional foi de 10:15 horas a 17:30 horas, de luns a venres, podéndose ampliar puntualmente por motivos relacionados coas actividades dos programas. Sorribas estivo pechado por vacacións estivais ao

longo do mes de agosto. Os períodos de vacacións coincidiron cos do calendario escolar, Nadal e Semana Santa.

HORARIO OCUPACIONAL: Os talleres ocupacionais funcionaron en horario de mañá, de 10:30h a 14:00h do mediodía, e na sesión de tarde de 15:30 horas a 17:30 horas. Tendo unha hora e media de comedor (14:00h-15:30h).

HORARIO DOS PROGRAMAS: Os programas se desenvolveron en paralelo á actividade laboral. Cunha franxa horaria de 10:30h a 14:00h e de 15:30h a 17:30h.

HORARIO DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS: Os servizos complementarios do Centro Ocupacional desenvolvéronse de luns a sábado, en sesións de mañá e tarde.

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN PARA 2017

- Co obxectivo de dar continuidade ás liñas de actuación na comunidade que favorezan a inclusión das persoas con discapacidade e á creación de oportunidades no noso territorio, establecéronse as liñas prioritarias de actuación e os proxectos a desenvolver no ano 2017.
- Asemade no 2017 AMIPA contará cunha programación especial e cun acto para celebrar o 20 aniversario de AMIPA (1997-2017).
- Algunhas das liñas de actuación a desenvolver en 2017 son as seguintes:
 - Dar continuidade ao PIA de cada persoa con discapacidade intelectual, establecendo obxectivos anuais en función das súas necesidades
 - Manter a oferta de Programas Individualizados adaptados ás necesidades e intereses de cada persoa con discapacidade intelectual.
 - Dar apoios ás persoas con discapacidade intelectual para que sexan as verdadeiras protagonistas e dinamizadoras das actividades vinculadas ás liñas de actuación deste ano.
 - Desenvolver actividades específicas para a mellora do benestar integral de cada persoa con discapacidade.
 - Favorecer o contacto con persoas con discapacidade intelectual doutras entidades, formulando diferentes actividades conxuntas ao longo do ano.

- Continuar co proceso de implantación en AMIPA dun Sistema de Calidade Plena Inclusión, no nivel de Compromiso.
- Organizar xornadas de convivencia cos membros das unidades de convivencia das persoas con discapacidade intelectual.
- Ofrecer alternativas de ocio para as persoas con discapacidade, compartindo información sobre os recursos existentes destinadas ás persoas con discapacidade e ás súas familias.
- Colaborar con outras organizacións que traballan con persoas con discapacidade intelectual dende diferentes estruturas: a Liga Provincial (Liga Norte) e a Rede de Ocio Inclusivo de Galicia (ROIG).
- Participar en actividades socioculturais e deportivas nos Concellos da nosa Comarca.
- Ampliar a rede de difusión e comercialización da produción de artesanía, desenvolvendo o plan de márketing para potenciar os produtos artesanais.
- Traballar de xeito coordinado cos Servizos Sociais de Dodro, Padrón, Rois e Brión e Teo con fin de favorecer a colaboración na atención ás persoas con discapacidade intelectual.
- Desenvolver as diferentes liñas de actuación do 2017 a través de proxectos.
- Continuar dando a coñecer a accesibilidade cognitiva, como vía de inclusión social para as persoas con discapacidade intelectual no seu contorno, en establecementos de hostalería.
- Seguir creando vínculos coas persoas da parroquia de Sorribas, as persoas con discapacidade e as súas familias, organizando unha actividade lúdica de convivencia coa veciñanza.
- Diseñar unha proposta de colaboración con actividades, a través da lectura, coa Biblioteca e Oficina Municipal de Voluntariado do Concello de Padrón.
- Organizar unha xornada formativa conxunta con outras entidades e profesionais dos concellos, formándonos en lectura fácil.
- Celebración do 20 aniversario de Amipa, no mes de maio.

Algúns dos Programas Individualizados propostos para comezar a desenvolver ou manter no primeiro semestre do ano 2017, son os seguintes:

1. Autoxestores/as, peludos/as e asembleas
2. Compra semanal
3. Imaxe persoal
4. Identidade persoal
5. Actualízate
6. Informática na Aula Cemit.
7. Cociña
8. Ximnasia de mantemento en Urdilde (actividade organizada polo Concello de Rois).
9. Psicomotricidade
10. Manexo do teléfono
11. Actividades físicas e deportivas específicas e na comunidade
12. Equipos de traballo para desenvolver as liñas de actuación 2017

SUBVENCIONS E AXUDAS PERCIBIDAS POLA ASOCIACIÓN AMIPA AO LONGO DE 2016

Neste eido cómpre salientar:

- O contrato asinado coa Consellería de Traballo e Benestar con referencia á xestión do servizo público para a reserva e ocupación de 20 prazas públicas en Centro Ocupacional para Persoas con Discapacidade. Na modificación e 6ª prórroga do contrato (do 1 de xaneiro de 2016 ao 31 de decembro de 2016) o importe destinado pola Administración ascendeu a 138.980,80€, que corresponde, dunha banda á prestación do servizo de atención diúrna por importe de 103.516,80€ e, doutra banda á prestación do servizo de

transporte por importe de 35.464,00€. O importe real total facturado no 2016 foi de 126.183,36€.

E as subvencións e axudas dos seguintes organismos públicos:

- Xunta de Galicia, Subvencións da Consellería de Traballo e Benestar Social (Programas de Cooperación 2015-2016, concesión por 9 meses de 1 terapeuta ocupacional. O importe imputado ao ano 2016 foi de 196,29€, sendo o importe total concedido de 17.470,71€.
- Xunta de Galicia, Subvencións da Consellería de Traballo e Benestar Social (Programas de Cooperación 2016-2017, concesión por 9 meses de 1 educador/a social. O importe imputado ao ano 2016 foi de 127,34€, sendo o importe total concedido de 17.667€.
- Corporacións Locais: Deputación da Coruña para o desenvolvemento de programas de Servizos Sociais (11.950€) e Concellos de Padrón, (12.000€) e Rois (2.000€) e Dodro (500€), para mantemento de actividades.
- Obra Social de la Caixa, a través de oficina: 5.000€ para investimento no Centro Ocupacional para adquisición de mobiliario adaptado para os talleres de formación ocupacional e para desenvolver diferentes liñas de actuación na comunidade, que teñen por finalidade favorecer a inclusión social das persoas con discapacidade intelectual no seu entorno máis próximo.

Sorribas, marzo de 2016

www.asociacionamipa.es

AMIPA EN IMAXES



Taller ocupacional de manipulado de pezas de aluminio



Horta ecológica



Taller ocupacional de artesanía



Programa individualizado



Programa individualizado



Actividades deportivas

Actividades na comunidade



Club de lectura da Biblioteca Municipal de Padrón



Festa coa veciñanza de Sorribas